



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Expediente número: 2022/E001/000006-2023/E002/00001

Procedemento: PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO POR CONCURSO OPOSICIÓN DE OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES, PEÓNS FORESTAIS E ELECTRICISTAS.

ACTA Nº 1 ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E VALORACIÓN DOS CANDIDATOS/AS

Lugar: Casa do Concello de Carnota

Data: 18/01/ 2023.

Hora de inicio: 8.00

Hora de finalización: 12:00

Asistentes:

Presidente:

- José Antonio Maceiras Martínez.

Vogais:

- Javier Lestón Siaba.
- Jesús López Rama.
- María José Lago Freire.

Secretaria:

- María Dolores Maceiras Martínez.

ORDE DO DÍA:

1. Constitución do Tribunal.
2. Realización e valoración proba galego.
3. Realización e valoración da proba práctica (fase de oposición).
4. Valoración de méritos (fase de concurso).
5. Valoración total dos/as aspirantes.
6. Proposta.
7. Prazo de reclamacións

Reunidos os integrantes do Tribunal cualificador, nomeados por resolución do Alcalde para valorar as probas selectivas dos/as aspirantes para a CONSTITUCIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO POR CONCURSO OPOSICIÓN DE OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES, PEÓNS FORESTAIS E ELECTRICISTAS, aproban por unanimidade os seguintes

ACORDOS

1. Constitución do Tribunal



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

PRIMEIRO. Declarar a formal constitución do Tribunal cualificador como órgano selectivo do proceso de convocatoria e probas para a CONSTITUCIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO POR CONCURSO OPOSICIÓN DE OPERARIOS DE SERVICIOS MÚLTIPLES, PEÓNIS FORESTAIS E ELECTRICISTAS, aprobadas o 04/01/2023, e publicadas na web municipal e no taboleiro electrónico do Concello de Carnota.

SEGUNDO. Como órgano de selección de persoal, queda suxeita ás normas aplicables en materia de emprego público, concretamente o artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e como órgano colexiado administrativo, aos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO. Os membros do Tribunal Cualificador Técnica deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os/as aspirantes poderán recusalos cando concorran algunha de devanditas circunstancias.

2. Realización e valoración da proba de galego.

A base oitava da convocatoria establece:

“ ...

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.

...”

Debido a que un dos candidatos non acredita o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente, por unanimidade acórdase o seguinte:

PRIMEIRO. Preparar e realizar a proba de coñecemento de galego, prevista para o aspirantes que non está exento da súa realización por non ter acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 1 ou equivalente)

SEGUNDO. Valoración da proba de galego.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Ás 8:30, dadas as oportunas instrucións ao aspirante convocado e presentado. Realizada a proba, procedeuse á valoración da mesma co seguinte resultado:

ASPIRANTE	RESULTADO PROBA GALEGO
Fernández Piñeiro, José Santiago	APTO

3. Realización e valoración da proba práctica (fase de oposición)

Establece así mesmo a base oitava da convocatoria:

"

FASE DE OPOSICIÓN (6 puntos):

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba práctica de aptitude eliminatória e obrigatoria para os aspirantes.

Os aspirantes teñen dereito a elixir libremente a lingua oficial da Comunidade Autónoma na que os desexan realizar, o que leva á súa vez o dereito a recibir na mesma lingua os enunciados dos exercicios, excepto no caso das probas que teñan que realizarse en galego para aqueles postos que requiran un especial coñecemento desa lingua, todo iso, de conformidade co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

Finalizada a oposición, o Tribunal procederá a valorar os méritos e servizos dos aspirantes que sexan considerados como aptos na citada fase de oposición.

A práctica das probas será eliminatória, cualificándose até un máximo de 6 puntos, cunha puntuación mínima necesaria que será determinada polo Tribunal.

A orde de actuación dos aspirantes será determinada por sorteo.

O exercicio estará relacionado coas actividades a realizar no posto de traballo.

Convocaranse, pois, tres exercicios, un para cada unha das categorías para as que se pretende a constitución dunha bolsa de traballo: operarios de servizos múltiples, peóns forestais e electricistas.

Os exercicios teñen carácter eliminatorio, sendo necesario superalos para que podan baremarse os méritos na fase de concurso.

..."

Consecuentemente co anterior exposto e en harmonía coa discrecionalidade técnica que a vixente normativa e a xurisprudencia recoñecen aos órganos de selección, por unanimidade acórdase o seguinte:



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

PRIMEIRO. Confeccionar os tres exercicios, un para cada unha das categorías, relacionados coas actividades a realizar cada posto de traballo, acordando o tribunal que a puntuación mínima necesaria para superar a proba é de 3 puntos.

SEGUNDO. Dadas as oportunas instrucións aos/as aspirantes presentados/as e convocados nos procesos selectivos para o día 18/01/2023 ás 9:00 horas, realizadas as probas indicadas nas bases, acadando as seguintes puntuacións na fase de oposición:

Operarios servizos múltiples	
Apelidos e nome	Puntuación fase oposición
García González, María del Carmen	5,5
Pedrosa Estévez, Yolanda	6
Senande Lado, Juan Manuel	5

Peóns forestais	
Apelidos e nome	Puntuación fase oposición
Fernández Lariño, Leopoldo	5,5
Fernández Piñeiro, José Santiago	5
Senande Lado, Juan Manuel	5

Electricistas	
Apelidos e nome	Puntuación fase oposición
Trillo Saborido, Domingo	5

Superan a proba todos/os aspirantes presentados/as.

4. Valoración de méritos (fase de concurso).

Establece así mesmo a base oitava da convocatoria:

" ...

FASE DE CONCURSO (4 puntos):

Só aos aspirantes que superen a oposición se lles valorará na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente, que serán:

Méritos computables das prazas de operario de servizos múltiples:

Experiencia: até un máximo de 4 puntos.

Por prestar servizos como operario de servizos múltiples ou similar nas Administracións

Públicas: 0,25 puntos por mes completo, até un máximo de 4 puntos.

Méritos computables das prazas de operario de peóns forestais:

Experiencia: até un máximo de 4 puntos.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Por prestar servizos como peón forestal nas Administracións Públicas 0,25 puntos por mes completo, até un máximo de 4 puntos.

Méritos computables das prazas de electricistas:

Experiencia: até un máximo de 4 puntos.

Por prestar servizos como electricista nas Administracións Públicas 0,25 puntos por mes completo, até un máximo de 4 puntos.

Os servizos prestados noutras Administracións acreditaranse mediante certificado da Secretaría da Corporación ou no caso doutras entidades, polo máximo encargado da xestión de recursos humanos da entidade que corresponda, xunto coa vida laboral (no caso de servizos prestados neste concello comprobarase de oficio pola Administración).

...”

Considerando que para superar a fase de oposición os/as aspirantes deberán acadar un mínimo de 3 puntos. O tribunal acorda proceder a baremar os méritos de aqueles aspirantes que superaron a dita fase. Acadando os seguintes resultados:

Operarios servizos múltiples	
Apelidos e nome	Puntuación fase concurso
García González, María del Carmen	4
Pedrosa Estévez, Yolanda	4
Senande Lado, Juan Manuel	0,75

De conformidade coa cláusula novena das bases da convocatoria, a puntuación de todos os méritos será de 0 a 4 puntos, resultando eliminados os aspirantes que non cheguen a 2 puntos, polo que o aspirante Juan Manuel Senande Lado queda eliminado do proceso selectivo de operario de servizos múltiples.

Peóns forestais	
Apelidos e nome	Puntuación fase concurso
Fernández Lariño, Leopoldo	4
Fernández Piñeiro, José Santiago	4
Senande Lado, Juan Manuel	1

De conformidade coa cláusula novena das bases da convocatoria, a puntuación de todos os méritos será de 0 a 4 puntos, resultando eliminados os aspirantes que non cheguen a 2 puntos, polo que o aspirante Juan Manuel Senande Lado queda eliminado do proceso selectivo de peón forestal.

Electricistas	
Apelidos e nome	Puntuación fase concurso
Trillo Saborido, Domingo	4



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

5. Valoración total dos/as aspirantes.

Realizada a avaliación, o Tribunal acorda relacionar os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, unha vez sumados a proba práctica e os méritos, co seguinte resultado:

Operarios servizos múltiples				
Nº de orde	Apelidos e nome	Puntuación oposición	Puntuación concurso	Total
1	Pedrosa Estévez, Yolanda	6	4	10
2	García González, María del Carmen	5,5	4	9,5

Peóns forestais				
Nº de orde	Apelidos e nome	Puntuación oposición	Puntuación concurso	Total
1	Fernández Lariño, Leopoldo	5,5	4	9,5
2	Fernández Piñeiro, José Santaigo	5	4	9

Electricistas				
Nº de orde	Apelidos e nome	Puntuación oposición	Puntuación concurso	Total
1	Trillo Saborido, Domingo	5	4	9

6. Proposta

Considerando a base undécima da convocatoria: "*Constitución e funcionamento das bolsas de traballo (operarios de servizos múltiples, peóns forestais e electricistas)*" que establece que, a puntuación de todos os méritos será de 0 a 4 puntos, resultando eliminados os/as aspirantes que non cheguen a 2. E que a puntuación mínima para poder formar parte da correspondente bolsa de emprego é de 5 puntos, sendo a superación da fase de oposición de carácter obrigatorio.

Rematado o proceso de selección, o tribunal propón a seguinte orde nas bolsas correspondentes:

OPERARIOS SERVICIOS MÚLTIPLES		
NÚMERO DE ORDE	DE	APELIDOS E NOME
1		Pedrosa Estévez, Yolanda
2		García González, María del Carmen

PEÓN FORESTAL		
NÚMERO DE	DE	APELIDOS E NOME



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

ORDE	
1	Fernández Lariño, Leopoldo
2	Fernández Piñeiro, José Santiago

ELECTRICISTA		
NÚMERO ORDE	DE	APELIDOS E NOME
1		Trillo Saborido, Domingo

7.Prazo de reclamacións.

O tribunal acorda outorgar un prazo de dous días hábiles, contados dende o seguinte a esta publicación na web e taboleiro electrónico municipal, para que os interesados poidan presentar as alegacións, que consideren oportunas no rexistro do Concello

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes e elevando á alcaldía a proposta de candidatos de conformidade coas bases da convocatoria.

Non habendo mais asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión á hora que se indica no encabezamento, asinando os asistentes a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.